

# **ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009**

## **TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

### **ART. 1 - FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos arts 133.2 e 142 da CE e polo art. 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a taxa por licencia de apertura de establecementos, a que se refire o art. 20.4 i) da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola lei 25/98 do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto no art. 58 da devandita lei 39/88.

### **ART. 2º - FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público.

### **ART. 3º - SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades a que se refire o art. 33 da LXT a quen se outorguen as licencias ou sexan beneficiarios dos aproveitamentos.

### **ART. 4º - RESPONSABLES**

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts. 38.1 e 39 da LXT

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da LXT

### **ART. 5º - BASE IMPOÑIBLE**

A base imponible contituirase polos metros cadrados do subsolo, solo e voo ocupados

### **ART. 6º - COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria será a que resulte de multiplica-os metros cadrados ocupados polo prezo de metro cadrado que se obteña ó multilica-lo interese legal do diñeiro polo valor catastral correspondente a cada rúa no IBI. En defecto de valor catastral polo que se deduza do informe emitido polo técnico

municipal. As cotas cobraranse por metro cadrado e mes ou fracción segundo conste na licencia e con independencia da utilización efectiva.

Non obstante cando se trate de empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.

#### **ART. 7º - EXENCIONS E BONIFICACIONES**

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados internacionais

#### **ART. 8º - RETRIBUCIÓN**

A presente taxa retribúese

- no momento de solicita-la licencia para as concesións de novos aproveitamentos na vía pública
- o día primeiro de cada mes natural para os aproveitamentos xa concedidos e os prorrogados

#### **ART. 9º - XESTIÓN**

1. as persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos deberán solicitar previamente a correspondente licencia
2. Unha vez autorizada a ocupación, se non foi determinante a duración do aproveitamento, entenderáse prorrogado ata que sexa presentada a declaración de baixa
3. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelado a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario sen prexuízo do pagamento da taxa a que houbere lugar, está obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

#### **ART. 10 - INFRACCIONES E SANCIONES**

Para o tocante ás infraccións e sancións rexerá o disposto no art. 77 e seguintes da LXT

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, rexendo ata a súa modificación ou derogación.